

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**2207** *Corrección de erros do Real decreto lei 3/2013, do 22 de febreiro, polo que se modifican o réxime das taxas no ámbito da Administración de xustiza e o sistema de asistencia xurídica gratuíta.*

Advertidos erros no Real decreto lei 3/2013, do 22 de febreiro, polo que se modifica o réxime das taxas no ámbito da Administración de xustiza e o sistema de asistencia xurídica gratuíta, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 47, do 23 de febreiro de 2013, cómpre efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 2, no parágrafo segundo, terceira e cuarta liñas, onde di: «... procesos capacidade, filiación, matrimonio e menores, as accións que poden interpor os administradores concursais ou os de división de patrimonios.», debe dicir: «... procesos sobre capacidade, filiación, matrimonio e menores, as accións que poden interpor os administradores concursais ou os de división de patrimonios.».

Na páxina 2, no parágrafo terceiro, primeira e segunda liñas, onde di: «... Xunto con iso opérase unha modificación na Lei de asistencia xurídica gratuíta 1/1996, actualmente en vigor,...», debe dicir: «... Xunto con iso opérase unha modificación na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, actualmente en vigor,...».

Na páxina 4, na exposición de motivos, no parágrafo oitavo da epígrafe VI, segunda liña, onde di: «inclúe unha disposición adicional que aclara», debe dicir: «consiste na introdución dunha nova letra g) no número 4 do artigo 36 da dita lei que aclara».

Na páxina 4, na exposición de motivos, no parágrafo oitavo da epígrafe VI, quinta liña, onde di: «Lei 15/2007,», debe dicir: «Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.».

Na páxina 10, Disposición adicional única, último parágrafo, onde di: «O disposto nos puntos anteriores non será de aplicación a aqueles empregados públicos a que se refire o número 6 dos artigos 2 e 3 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo,...» debe dicir: «O disposto nos puntos anteriores non será de aplicación a aqueles empregados públicos a que se refiren o número 6 do artigo 2 e o número 5 do artigo 3 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo,...»